

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 17 de agosto de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

**Invitados:**

D. Javier Pardo Espiñeira.  
D<sup>a</sup>. Eugenia Dolores Blanco Iglesias  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezasete de xullo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(841).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

**2(842).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE “EXPLOTACIÓN DOS QUIOSCOS NAS PRAIAS DO MUNICIPIO PARA A TEMPORADA ESTIVAL 2015. EXPTE. 10618/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 14/07/15, da xefa do servizo de Contratación que di o seguinte:

*“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 14 de xullo de 2015, as 13.00 horas realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

*1.- Adxudicacións*

- a) *Explotación dos quioscos nas praias do municipio para a tempada estival 2015 (expediente 10618-306)*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015 (PCAP).*

ANTECEDENTES

*Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 8 de xullo de 2015, adoptou o seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta do acordo desta Mesa, adoptado na sesión de 7 de xullo de 2015 as 9.30 horas, de excluír do presente procedemento ós seguintes licitadores:*

- *Obdulia Lastra Francisco, dos lotes nº 5 e nº 6, por ser a documentación presentada non apta, consonte a cláusula oitava do PCAP porque “A documentación gráfica achegada resulta inexacta e insuficiente: en primeiro lugar, non distingue a instalación pretendida para cada un dos Lotes ós que opta, sendo esta circunstancia especialmente importante xa que o lote nº 5 esixe unhas condicións particulares en canto á ubicación dos aseos, diferentes do resto de Lotes. Por outra banda, o plano da instalación non define os aseos plantexados, grafiándose parcialmente a palabra NULO sobre o módulo no que supostamente se ubicarían”.*
- *Ricardo Santiago Daponte, do lote nº 2, por ser a documentación presentada non apta, consonte a cláusula oitava do PCAP porque “Da documentación gráfica achegada, atendendo á acotación, se desprende que a superficie total da instalación proposta para o LOTE nº 2 excede dos 20,00 m<sup>2</sup> sinalados na memoria, xa que acada un total de 22,18 m<sup>2</sup>. Neste sentido, lémbrese que ante contradicións documentais,*

técnicamente a documentación planimétrica acoutada primará sobre a memoria descriptiva”.

- Administración Playas, S.L., do lote nº9, por ser a documentación presentada non apta, consonte a cláusula oitava do PCAP porque “Da documentación gráfica achegada se desprende que a superficie total da instalación proposta para o LOTE nº 9 excede dos 20,00 m<sup>2</sup> exigibles, xa que acada un total de 23,35 m<sup>2</sup>, contradecendo o exposto en diversas partes da memoria. Neste sentido reitérase o indicado para a proposta nº 2”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a adxudicación dos servizos de tempada nas praias no ano 2015, no seguinte orde decrecente:

- LOTE 1: quiosco do areal da Punta (A Guia):

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º.- Senén Robles Pérez	807,87 euros	100 PUNTOS

- LOTE 2: quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre)

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º.- Administración de Playas, S.L.	2152,82 euros	100 PUNTOS

- LOTE 3: quiosco do areal do Tombo do Gato

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- María Francisco Touriño	6628,00 euros	100 PUNTOS
2º.- Mónica González Francisco	3500,00 euros	52,80 PUNTOS
3º.- Ana Belén Vázquez Alonso	3300,00 euros	49,78 PUNTOS

- LOTE 4, quiosco do areal do Tombo do Gato

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- Ricardo Santiago Daponte	2016,16 euros.	100 PUNTOS
2º- Marta Lorenzo Barrera	2002,00 euros.	99,29 PUNTOS.

LOTE 5, quiosco do areal de Argazada

	OFERTA	PUNTUACIÓN
1º- María Francisco Touriño	21028,00 euros.	100 PUNTOS
2º- Mónica González Francisco	21005,00 euros.	99,89 PUNTOS
3º- Ana Belén Vázquez Alonso	21000,00 euros.	99,86 PUNTOS

*LOTE 6, quiosco do areal de Samil*

	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1º- Administración de Playas, S.L.</i>	<i>21328,75 euros</i>	<i>100 PUNTOS</i>
<i>2º- Marta Lorenzo Barrera</i>	<i>2002,00 euros.</i>	<i>9,38 PUNTOS</i>

*LOTE 7, quiosco do areal de Samil*

	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1º- Administración de Playas, S.L.</i>	<i>23750,00 euros</i>	<i>100 PUNTOS</i>

*LOTE 8, quiosco do areal de Samil*

	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1º- María Francisco Touriño</i>	<i>16128,00 euros</i>	<i>100 PUNTOS</i>
<i>2º- Mónica González Francisco</i>	<i>15528,00 euros</i>	<i>96,27 PUNTOS</i>
<i>3º- Ana Belén Vázquez Alonso</i>	<i>15300,00 euros</i>	<i>94,86 PUNTOS</i>

*LOTE 9, quiosco situado no areal do Vao*

	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1º- Marta Lorenzo Barrera</i>	<i>2002,00 euros</i>	<i>100 PUNTOS</i>

*LOTE 10, Quiosco do areal do Vao*

	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1º- Marta Lorenzo Barrera</i>	<i>2002,00 euros</i>	<i>100 PUNTOS</i>

*LOTE 11, incluirá o quiosco do areal da Etea-Rios*

	<i>OFERTA</i>	<i>PUNTUACIÓN</i>
<i>1º- Senén Robles Pérez</i>	<i>1607,87 euros</i>	<i>100 PUNTOS</i>

*Terceiro.- Requirir os licitadores clasificados en primeiro lugar para que presenten, no prazo dos cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):*

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *Resguardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.*

*Cuarto.- Requirir os licitadores clasificados en primeiro lugar o aboamento de 12,40 € por cada un dos lotes en concepto de custe dos anuncios de licitación.”*

*Segundo.- Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados en primeiro lugar o día 8 de xullo de 2015, que presentan a documentación requirida en data 9 e 10 de xullo de 2015, dentro do prazo sinalado.*

*Terceiro.- En data 10 de xullo de 2014 se adxudican todos os lotes deste procedemento agás os lotes 9 e 10, por canto a documentación aportada pola primeira clasificada, Dña. Marta Lorenzo Barrera, que estaba incompleta. En data 13 de xullo achega acreditación documental de ter depositado a fianza na Caixa Xeral de Depósitos. Á vista desta circunstancia, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación destes lotes á Sra. Lorenzo.*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).*

*Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.*

*Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).*

*Á vista do informe do xefe do servizo de Medio Ambiente, de data 07-05-2015, a oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante con relación a cada lote é a formulada por:*

- *LOTES 1 e 11: Senén Robles Pérez*
- *LOTES 2, 6 e 7: Administración de Playas, S.L.*

- *LOTES 3, 5 e 8: María Francisco Touriño*
- *LOTE 4: Ricardo Santiago Daponte*
- *LOTES 9 e 10: Marta Lorenzo Barrera*

*Este informe poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.*

*Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.*

*En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“Adxudicar os lotes 9 e 10 do procedemento aberto para a instalación e explotación de servizos de temporada nas praias do concello de Vigo 2015(expediente 10618-306) á Dña. Marta Lorenzo Barrera, cun canon de 2002 euros cada un.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(843).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN. ANO 2015. EXPTE. 114169/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 03/07/15, da xefa do servizo de Benestar Social conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

*“O pasado 22 de xuño publicouse no DOG a orde do 12 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a Inclusión Social da poboación xitana, inmigrantes e outras persoas en risco de exclusión e procedese a súa convocatoria para o exercicio 2015, cofinanciada polo “Fondo Social Europeo 2007-2013”.*

*A concellería de Política Social desenvolve varios dos programas subvencionables dirixidos a inclusión sociolaboral de colectivos de elevada vulnerabilidade como son as persoas perceptoras de rendas mínimas , persoas pertencentes a colectivos con dificultades de integración social como a comunidade xitana e poboación inmigrante extracomunitaria residente en Vigo.*

*Polo anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Solicitar unha subvención segundo a orde do 12 de xuño de 2015 para os seguintes programas:*

- a) Programa dirixido á inclusión social de mulleres paradas de longa duración.*

- b) Programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante.
- c) Programa dirixido á inclusión social de persoas beneficiarias de Renda de Inclusión Social de Galicia.

Habilitar á concelleira-delegada da área de Política Social para a sinatura de canta documentación sexa necesaria en relación á citada convocatoria de subvención.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(844).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPORADA 2014-2015. EXPTE. 13909/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16/07/15, dáse conta do informe-proposta do 09/07/15, do director deportivo do IMD, conformado polo secretario do Pleno e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

**“I- ANTECEDENTES:**

*Vista a proposta do 09 de xullo de 2015 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Director Deportivo do IMD e polo Coordinador Deportivo do IMD, como secretario, consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.*

*Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a avaliación das solicitudes farase tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, e que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2014-2015, sobre un máximo de 95 puntos, establecéndose do seguinte xeito:*

*a) Actividades xeral da entidade solicitante:*

*a.1. Relevancia da modalidade e da entidade deportiva no ámbito da cidade, nivel deportivo e ámbito territorial das competicións regulares en que participen os equipos ou deportistas integrantes da entidade deportiva, a repercusión mediática e social da súa competición na cidade e fora dela. Ata 25 puntos.*

*a.2. Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local. Valórase a repercusión mediática e social da actividade, o nivel deportivo dos participantes, o volume de actividade, o volume de espectadores, o interese público da actividade, o custo da actividade... Para a valoración, tense en conta o proxecto presentado. Para ser tido en conta este criterio, a entidade deberon obter, como mínimo, 5 puntos no apartado, valorándose, como máximo, 2 eventos por entidade. Ata 30 puntos.*

*b) Promoción do deporte base:*

*b.1. Promoción da actividade deportiva na base; tense en conta a participación ou non no programa Municipal de escolas deportivas: Ata 5 puntos.*

*–<50 escolares = 1 punto.*

*–De 51 a 100 escolares = 2 puntos.*

*–De 101 a 150 escolares = 3 puntos.*

*–>150 escolares = 5 puntos.*

*b.2. Número de licencias ata categoría xuvenil incluída. Ata 15 puntos*

*Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Taekwondo e Tenis).*

- 1 punto: < 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 10 puntos: De 151 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 15 puntos: >300 licencias.

*Volume de licencias de base ata categoría xuvenil e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, hípica, Judo, Montañismo, Taekwondo e Tenis:*

- 1 punto: < 75 licencias.
- 2 puntos: De 76 a 100 licencias.
- 4 puntos: De 101 a 250 licencias.
- 5 puntos: De 251 a 400 licencias.
- 10 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 12 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 15 puntos: >651 licencias.

*b.3. Número de licencias de categoría feminina: Ata 5 puntos*

*Volume de licencias femininas e puntuación (\*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Taekwondo e Tenis).*

- 1 punto: < 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 75 licencias.
- 5 puntos: >75 licencias.

*Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Montañismo, Taekwondo e Tenis:*

- 1 punto: < 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 4 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 5 puntos: >400 licencias.

*c) Estructura da entidade deportiva:*

*c.1. Gastos en aluguer de instalacións deportivas en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 10 puntos*

*A entidade solicitante certificará o importe do gasto pola utilización de instalacións deportivas para adestramentos e competicións oficiais. Na xustificación, a entidade acreditará documentalmente, como mínimo, o 80% do gasto detallado no orzamento de gastos presentado na solicitude de subvención según as condicións detalladas na base 16ª da convocatoria.*

- 1 punto por cada 1.000,00€ de gasto.

*c.2. Estructura técnica: Ata 3 puntos. Valórase o volume de persoal técnico contratado. Para ser valorado este criterio, xunto á solicitude anexarase a copia compulsada da titulación, da licencia en vigor na tempada subvencionada e a documentación que acredite que o persoal técnico está dado de alta no réxime laboral axeitado.*

- Licenciado/Graduado en CCAFD: 1 punto por licencia.
- Diplomado ou equivalente: 0,5 puntos por licencia.



- *TSAFD ou equivalente: 0,25 por licencia.*
- *Resto: 0,1 puntos por licencia.*

*d) Emprego do Galego: Ata 2 puntos. Valóranse os proxectos de comunicación presentados polas entidades que acrediten suficientemente que están desenvolvidos en lingua Galega. O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda valóranse ata 2 puntos. Na valoración deste criterio se ten en conta o emprego da lingua galega nas comunicacións da entidade, nas campañas escritas de promoción, cartelería, anuncios..., e en xeral na realización das actividades da entidade, e en concreto, valorarase:*

- *1 punto pola utilización da lingua galega no espazo web actualizado da entidade (páxina web, blog...). As entidades deberon detallar, nos proxectos de comunicación que presenten na solicitude, o/os enlaces ós espazos web ao obxecto de realizar as comprobacións necesarias por parte do servizo xestor.*
- *0,5 puntos pola utilización do galego nos documentos de comunicación administrativa interna, de comunicación con deportistas, pais, nais e asociados... Para a valoración das solicitudes as entidades deberon presentar copia dos documentos utilizados ó longo da tempada deportiva, que acreditaran suficientemente o emprego do galego como lingua vehicular.*
- *0,5 puntos pola utilización do galego nos documentos remitidos ós medios de comunicación, crónicas, comunicados oficiais... Para a valoración desta cuestión, as entidades deberon presentar as notas de prensa remitidas ós medios de comunicación ó longo da tempada deportiva e demais documentación que acreditara a utilización do Galego nas relacións da entidade con persoas e entidades alleas á mesma.*

*A esta convocatoria presentáronse un total de 168 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 163 e rexeitáronse 5 por diferentes motivos según se detalla no anexo II.*

*Da avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1396,5 puntos.*

*Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 430.500,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 308,27€.*

*A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.*

*No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.*

*Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de equipos e licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.*

*Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social, a Facenda autonómica, a AEAT o Concello de Vigo e o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a*

presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 09 de xullo de 2015, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solcitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrirían as entidades no caso de falsear os datos na solcitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local. Neste punto, tivéronse en conta as fases autonómicas e/ou nacionais organizadas e/ou superadas polos diferentes equipos das entidades, os campionatos de promoción das modalidades organizados polas entidades, etc.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1396,5 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 430.500,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 308,27€.

A comisión de valoración decidiu aplicar un redondeo ós importes definidos ó aplicar o valor unitario do punto á puntuación acadada por cada unha das entidades beneficiarias, entendendo que este redondeo non supón unha variación significativa dos importes (como se detalla no Anexo I).

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Aprobar a resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada deportiva 2014/2015 según la distribución detallada no Anexo I, por importe de 430.500,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2015.
2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:
  - Por presentar a solcitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	150051572
CLUB DEPORTIVO BEADE	G-27711472	150051703
A.D. PICACHO	G-36650117	150051751

- Por non subsanar a solcitude no prazo legalmente establecido:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
SKMSPAIN-KRAVMAGA	G-27764166	150050889

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.6, ó non acreditar acharse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
RC NAUTICO DE VIGO	G-36612752	150049770

**ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2014-2015.**

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
1	ATLETISMO	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G-36645109	10,5	2.500,00 €
2	ATLETISMO	CLUB ATLETISMO VETERANOS DE SAMIL	G-36841906	1	317,01 €
3	ATLETISMO	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G-36645018	11,5	3.645,55 €
4	AUTOMOVILISMO	CANDORNA COMPETICION	G- 36975761	0,5	158,50 €
5	BADMINTON	CLUB BADMINTON RACHAPLUMAS	G-27709500	12,5	3.962,56 €
6	BALONCESTO	BASQUET RIAS BAIXAS	G-27777127	4,5	1.000,00 €
7	BALONCESTO/F. SALA	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G-36756831	12,5	2.500,00 €
8	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO ANDERSEN	G-36960375	2,5	263,00 €
9	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO RODABALLO	G-36815413	1	300,00 €
10	BALONCESTO	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G-36942142	58	18.386,27 €
11	BALONCESTO	CLUB DEPORTIVO VGO BASKET	G.27804889	3,5	1.109,52 €
12	BALONCESTO	CLUB NOVOBASKET VIGO	G-27791474	9,5	3.011,54 €
13	BALONMAN	ASOCIACION DEPORTIVA CARBALLAL	G-36686376	21	6.657,10 €
14	BALONMAN	UNION BALONMAN LAVADORES	G-36810075	42	13.314,20 €
15	BALONMÁN	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL COIA	G-36948115	66	20.922,31 €
16	BEISBOL	TRASNOS BEISBOL CLUB	G-27750645	6,5	2.060,53 €
17	BILLAR	CLUB BILLAR VIGO	G.27763549	1	317,01 €
18	BOLOS	CLUB BOLOS VALLADARES S BARTOLOME	G-27738962	1,5	475,51 €
19	BOLOS	CLUB DE BOLOS CELTAS VALLADARES	G36881316	1,5	475,51 €
20	BOWLING	CLUB BOWLING CELTA	G-36685345	3,5	1.109,52 €
21	BOWLING	XISTRON BOWLING CLUB	G-36694149	0,5	158,50 €
22	BOXEO	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G-36662344	8,5	2.694,54 €
23	CICLISMO	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G-36814515	2,5	792,51 €
24	CICLISMO	CLUB CICLISTA CORUXO	G-27710730	5,5	1.743,53 €
25	CICLISMO	CLUB CICLISTA MEIXOEIRO	G-36720951	6,5	2.060,53 €
26	CICLISMO	CLUB CICLISTA RIA DE VIGO	G-36745107	6,5	2.060,53 €
27	CICLISMO	CLUB CICLISTA TEIS	G-36954323	9,5	3.011,54 €
28	CICLISMO	CLUB CICLISTA VIGUES	G-36650885	57	18.069,27 €
29	CICLISMO	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G-36703213	2	634,01 €
30	DEPORTE ADAPTADO	AG. DEP. TAMIAR APAMP	G-36657450	2,5	792,51 €
31	DEPORTE ADAPTADO	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G-27727965	2	634,01 €
32	DEPORTE ADAPTADO	AGRUP SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G-27776459	2	634,01 €
33	DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO DE VELA ESCOTA	G-36807022	2	634,01 €
34	DEPORTE ADAPTADO	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G-36814093	4	1.268,02 €
35	DEPORTE ADAPTADO	CLUB MINAUTA	G-36834240	2	634,01 €
36	DEPORTE ADAPTADO	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G-36819779	3	951,01 €
37	DEPORTE ADAPTADO	CLUB SALADINO CORTIZO	G36836716	1	317,01 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
38	ESGRIMA	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G-36869873	11	3.487,05 €
39	ESPEOLOGÍA	CLUB ARADELAS ESPEOLOGIA	G-36642247	2,5	792,51 €
40	FUTBOL	ARENAS DE ALCABRE SCD	G-36823912	17,5	4.652,85 €
41	FUTBOL	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G-36770931	14	3.600,00 €
42	FUTBOL	BALAIOS FC	G-36737724	19	4.965,95 €
43	FUTBOL	C.D. SAMPAYO	G-36654564	1,5	475,51 €
44	FUTBOL	CLU DE FUTBOL SAN ESTEBAN	G-36733020	1,5	475,51 €
45	FUTBOL	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G-36743433	12,5	3.962,56 €
46	FUTBOL	CLUB DEPORTIVO NIETO	G-36687309	13	4.000,00 €
47	FUTBOL	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G-36649283	29	9.193,14 €
48	FUTBOL	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G-36763084	14	4.438,07 €
49	FUTBOL	MOLEDO CLUB FUTBOL	G-36734226	3,5	1.109,52 €
50	FUTBOL	RACING DE CASTRELOS FC	G-36710762	12,5	3.962,56 €
51	FUTBOL	RAPIDO DE PEREIRO FC	G-36874832	12,5	3.962,56 €
52	FUTBOL	S.C.D. ATLANTIDA DE MATAMA	G-36620854	9	2.853,04 €
53	FUTBOL	U.D.COMESAÑA	G-36745586	4,5	1.426,52 €
54	FUTBOL	UVCD CANDEAN	G-36863348	12	3.804,06 €
55	FÚTBOL	C.D. TEIS	G-36752640	14	3.600,00 €
56	FÚTBOL	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G-36647311	16	5.072,08 €
57	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G-36645612	10	3.170,05 €
58	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G-36690519	10	3.170,05 €
59	FÚTBOL	CLUB DEPORTIVO COYA	G-36753911	13	4.121,06 €
60	FÚTBOL	CLUB RÁPIDO DE BOUZAS	G-36711513	66	20.922,31 €
61	FÚTBOL	COLEGIO APÓSTOL SANTIAGO	G-36646446	5	1.585,02 €
62	FÚTBOL	GRAN PEÑA, C.F.	G-36663656	18	5.706,08 €
63	FÚTBOL	INDEPENDIENTE, C.F.	G-36710416	16	5.072,08 €
64	FÚTBOL	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G-36684124	16	5.072,08 €
65	FÚTBOL	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G-36628774	19	6.023,09 €
66	FUTBOL	VETERANOS DE TEIS C.F.	G-36916401	1,5	475,51 €
67	FUTBOL	C.CULTURAL A.R.VALLADARES	G36617082	8	2.536,04 €
68	FUTBOL	C.D. VALLADARES	G-36629657	1,5	475,51 €
69	FUTBOL SALA	ANPABAL FUTBOL CLUB	G-27758168	4,5	1.000,00 €
70	FUTBOL SALA	CENTRO CULTURAL RECREATIVO CABRAL	G-36658680	3,5	1.109,52 €
71	FUTBOL SALA	CENTRO VECIÑAL E CULT VALLADARES	G36805158	5,5	1.743,53 €
72	FUTBOL SALA	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	3,5	1.109,52 €
73	FUTBOL SALA	CLUB UNION FS	G-27758598	4,5	1.426,52 €
74	FUTBOL SALA	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G-36982239	16,5	5.230,58 €
75	FUTBOL SALA	IES CORUXO FS	G-27726835	8	2.536,04 €
76	FUTBOL SALA	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G-36645075	3,5	1.109,52 €
77	FÚTBOL SALA	C.D. AVCR SAN MAMEDE ZAMÁNS	G-36691855	1,5	475,51 €
78	FÚTBOL SALA	C.D. MOSTEIRO BEMBRIVE, F.S.	G-36886422	19	6.023,09 €
79	FÚTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO A PAZ 03	G-36924249	2,5	792,51 €
80	FÚTBOL SALA	CLUB MARISTAS EL PILAR	G-36690782	5,5	1.000,00 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
81	FÚTBOL SALA	PECHECHES FÚTBOL SALA	G-27778521	5,5	1.743,53 €
82	GOLF	REAL AERoclUB DE VIGO	G-36610384	4,5	1.426,52 €
83	HALTEROFILIA	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G-36757623	2,5	792,51 €
84	HIPICA	CD. ESTABLOS VIGO	G-36982296	2	634,01 €
85	HOCKEY HERBA	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G-36684850	11	3.487,05 €
86	HOCKEY PATÍNS	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G-36680239	17	5.389,08 €
87	JUDO	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G-36681633	39	12.363,18 €
88	JUDO	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G-27709120	1,5	475,51 €
89	JUDO	JUDO CLUB GALICIA SUR	G-27781541	5,5	1.743,53 €
90	KARATE	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G-36870160	22	6.974,10 €
91	KUNG FU	AVCD CABRAL	G-36651073	1,5	475,51 €
92	KUNG FU	S.D. CLUB MARCOTE	G-36658052	2	634,01 €
93	LOITA	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G-36955565	4,5	1.426,52 €
94	LOITA	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G-36707586	3,5	1.109,52 €
95	LOITA	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G-36708303	7,5	2.377,54 €
96	LOITA	KUZUSHI	G-36696227	3,5	1.109,52 €
97	MONTAÑISMO	CLUB MONTAÑEIROS CELTAS	G-36637890	3,5	1.109,52 €
98	MONTAÑISMO	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G-36743540	2,5	792,51 €
99	MONTAÑISMO	CLUB P. TREVINCA MONTAÑEIROS GALICIA	G-36630192	1	317,01 €
100	MOTOCICLISMO	CLUB MOTO-BOX	G-36973105	1	317,01 €
101	MOUNTAIN BIKE	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G-36850378	23	7.291,11 €
102	NATAcion	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G-36827079	21	6.657,10 €
103	NATAcion	CLUB NATAcion TRAVIESAS	G- 36823524	3	951,01 €
104	NATAc. SINCRONIZADA	CLUB NAT. SINCRON RIAS BAIXAS VIGO	G-27763812	9,5	3.011,54 €
105	PADEL	PADEL FEMENINO CIES	V-27713759	2,5	792,51 €
106	PATINAXE	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G-36645091	18,5	5.864,59 €
107	PATINAXE	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G-36811974	9,5	3.011,54 €
108	PATINAXE	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G-27722305	2,5	792,51 €
109	PATINAXE	CLUB PATIN VAGALUME	V-36982304	9,5	3.011,54 €
110	PATINAXE	CLUB PATINAXE ARTISTICA VALLADARES	G-36765733	10,5	3.328,55 €
111	PETANCA	ASOCIACION CULTURAL DEP. XESTAS	G-36628543	2	634,01 €
112	PETANCA	CLUB PETANCA O FORO	G-27753284	1	317,01 €
113	PETANCA	CLUB PETANCA SABAJANES	G-36646271	1	317,01 €
114	PETANCA	CLUB CHAVE E PETANCA VALLADARES	G-36796316	1	200,00 €
115	PETANCA	CLUB CUATRO CAMINOS	G-27753466	1	317,01 €
116	PETANCA	CLUB DE PETANCA E CHAVE OS MUIÑOS	G-36727246	1	317,01 €
117	PETANCA	CLUB PETANCA A TOXEIRA	G-36849041	2	634,01 €
118	PETANCA	CLUB PETANCA BREOGAN	G-36802247	1	317,01 €
119	PETANCA	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G-27779446	1	317,01 €
120	PETANCA	CLUB PETANCA CELTA	G-36875417	1	317,01 €
121	PETANCA	CLUB PETANCA ENSINO	G-36798866	6,5	2.060,53 €
122	PETANCA	CLUB PETANCA FLORIDA	G-36792711	2	634,01 €
123	PETANCA	CLUB PETANCA GALICIA	G-36881639	2	634,01 €

	MODALIDADE	ENTIDADE	CIF	PTOS	IMPORTE
124	PETANCA	CLUB PETANCA MADROA	G-27722354	1	317,01 €
125	PETANCA	CLUB PETANCA O CASTRO	G-36957348	1	317,01 €
126	PETANCA	CLUB PETANCA O XULIO	G-36792984	1	317,01 €
127	PETANCA	CLUB PETANCA TEIS	G-36288413	3	500,00 €
128	PETANCA	CLUB PETANCA VIGO	G-36702413	2	634,01 €
129	PIRAGÜISMO	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	12,5	3.962,56 €
130	REMO	CLUB DE REMO CORUXO	G-36726750	32	10.144,15 €
131	REMO	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G-36650273	2,5	792,51 €
132	SQUASH	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G-27736438	3,5	1.109,52 €
133	SQUASH	VIGO SQUASH	G-36929511	16	4.500,00 €
134	SURF	PRADO SURF CLUB	G-36850014	5	1.585,02 €
135	TAEKWONDO	A.D. KIAP	G-36788594	6,5	2.060,53 €
136	TAEKWONDO	AS SPORT VIGO	G27749837	2,5	792,51 €
137	TENIS	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G-36613685	12	3.804,06 €
138	TENIS DE MESA	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G-27762483	4	1.268,02 €
139	TENIS DE MESA	CLUB TENIS DE MESA VIGO	G-27779016	3	951,01 €
140	TIRO CON ARCO	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G-36807881	3,5	1.109,52 €
141	TRIATLON	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G-27730597	7	2.500,00 €
142	TRIATLON	TRINORTH	G.27796721	1,5	475,51 €
143	VARIOS	A.D. MONTECASTELO	G-36747574	5	1.585,02 €
144	VARIOS	AG. DEP. VIGO	G-36651123	5,5	1.743,53 €
145	VARIOS	ANPA COUTADA BEADE	G-36616837	2	634,01 €
146	VARIOS	ASOCIACION DEPORTIVA LOPE DE VEGA	G-36886992	2	634,01 €
147	VARIOS	C.C. POLICIA LOCAL VIGO	G-36912459	5,5	1.743,53 €
148	VARIOS	C.D. COLEGIO MARIANO	G-36649408	7	1.500,00 €
149	VARIOS	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G-36614097	2	634,01 €
150	VARIOS	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G-36875391	17	3.500,00 €
151	VARIOS	CLUB DEPORTIVO CSCR DE BEADE	G-36904530	4,5	1.426,52 €
152	VARIOS	CLUB DEPORTIVO MIRALBA	G-27721547	10	2.916,00 €
153	VARIOS	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G-36886901	3,5	1.109,52 €
154	VELA	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G-36630127	6,5	2.060,53 €
155	VELA	LICEO MARITIMO DE BOUZAS	G-36613081	1,5	475,51 €
156	VOLEI PRAIA	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G-36990109	7	2.219,03 €
157	VOLEIBOL	BLACK VOLEY VIGO	G-27747864	1,5	475,51 €
158	WU SHU	FIT SPORT	G-36988947	2,5	792,51 €
159	XADREZ	C.A.DR. J CASAS VILLA DE BOUZAS	G-36918613	2,5	500,00 €
160	XADREZ	XADREZ LUCENA	G-36893154	3,5	1.109,52 €
161	XIMNASIA	MANIOTAS	G-36684819	19	6.023,09 €
162	XIMNASIA ACROBATICA	CLUB FLIC FLAC	G-36931582	18	5.706,08 €
163	XIM TRAMP. ARTISTICA	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G-36846608	9	2.853,04 €
					<b>430.499,99</b>

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2014-2015”.

- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por presentar a solicitude fora de prazo:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
COMESAÑA SPORTING CLUB	G-36645257	150051572
CLUB DEPORTIVO BEADE	G-27711472	150051703
A.D. PICACHO	G-36650117	150051751

- Por non subsanar a solicitude no prazo legalmente establecido:

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
SKMSPAIN-KRAVMAGA	G-27764166	150050889

- Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.6, ó non acreditar acharse ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo

ENTIDADE	CIF	Nº REXISTRO
RC NAUTICO DE VIGO	G-36612752	150049770

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(845).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á MQA NAVIA, S.L., PARA A CESIÓN DE USO DO LOCAL NO CENTRO DE SECCIONAMENTO CONSTRUIDO POLA CONCESIONARIA PARA O COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 2457/440.**

Examinadas as actuacións o expediente, dáse conta do informe-proposta do 15/07/15, do xefe da área de Fomento conformado polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*“1.- ANTECEDENTES.*

*1º.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 8 de agosto de 2013, adoptou o seguinte acordou a aprobación do “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA POR PROCEDIMENTO ABERTO. EXPTE. 12242/333.” No ámbito deste acordo se aprobaron os pregos de prescricións técnicas particulares redactado polo Director Deportivo, Xefe da Unidade Técnica con data 17 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Departamento de contratación de data 6 de agosto de 2013, para a*

*contratación da a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia.*

*2º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 22/11/2013, acordou Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L, o procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333) por un prazo concesional de 49 anos e un canon de 9.100 euros/ano, sendo o prezo global do proxecto de 8.767.908,48 (sendo a cota correspondente o IVE de 1.521.703,13 €).*

*A obra de construción do “Complejo deportivo de Navia” se desenvolverá na parcela D-2 destinada a usos deportivos no ámbito do Plan parcial de Navia. Dita parcela sitúase en solo urbanizable delimitado, no ámbito do sector S-72-R Navia, que recolle o Plan Parcial aprobado definitivamente en sesión plenaria do 3 de xuño de 1996 e a modificación puntual num 1, aprobada en sesión plenaria o 25 de abril de 2005, e conterá as seguintes actuacións de referencia:*

*1.- Edificio principal do novo complexo deportivo cuberto. Deberá posibilitar o desenvolvemento do seguinte programa funcional mínimo; Zoa de auga, cunha piscina de 25x12,5, un vaso de aprendizaxe de 12,5 x 6, unha piscina activa de 12,5 x6 unha zona de Wellness, complementando unha superficie mínima de 1.000 m2. Unha zoa de ximnasia e salas de actividades, cunha sala de fitness e 4 salas de actividades. Este edificio conterá todos os servizos complementarios necesarios, como vestiarios, etc.*

*2.- Urbanización do resto da parcela destinada o proxecto: Esta urbanización deberá desenvolver unha zoa con 8 pistas de padel, un aparcadoiro vehículos en zona norte, outro aparcadoiro para 160 vehículos en zona sur, un campo de Fútbol 7 e unha pista polideportiva 40 x 20 m. Ademais deberá contemplar a urbanización completa da parcela en relación as zoas verdes, peches perimetrais e iluminación.*

*4º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 7/03/2014, adopta o seguinte acordo:*

*“1º.- Tomar razón da constitución da sociedade MQA NAVIA, S.L., por parte da empresa CIVIS GLOBAL, S.L., adxudicataria do procedemento aberto para a contratación da xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia (expediente 12242-333), co obxecto de ser a titular desta concesión.*

*2º.- Autorizar a formalización do contrato de xestión do servizo público mediante concesión da construción, xestión e explotación do novo complexo polideportivo de Navia coa sociedade MQA NAVIA, S.L.”.*

*5º.- Con data 10/04/2014, asíñase contrato de xestión de servizo público con construción de obra, coa sociedade MQA Navia, S.L., a través de escritura pública diante do notario D. Jaime Romero Costas.*

*6º.- En relación coa aprobación do proxecto de obra, con data 16/05/2014 a Xunta de Goberno Local acorda:*



*Primeiro.- Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DA OBRA DE CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL EN NAVIA, presentado por MQA Navia, S.L e redactado por Naos 04 Arquitectos, SLP, polo importe da obra civil por unha contía de 6.672.590,36 euros (IVE excluído), contía que é coincidente coa oferta e coa documentación que se tivo en conta para o acordo da Xunta de Goberno de data 22/11/2013.*

*7º.- Con data de entrada no rexistro Xeral do Concello de Vigo 21/05/2014 e numero de documento 140060327, D. Celso M. Piñeiro Malvar, como representante legal da sociedade MQA Navia, S.L., comunica que a empresa encargada da execución das obras do proxecto de construción do novo centro deportivo de Navia, será CIVISGLOBAL, S.L.*

*8º.- Con data 21 de maio de 2014, procedese a sinatura da acta de comprobación do replanteo, da cal se da conta a Xunta de Goberno Local en sesión de 13 de xuño de 2014.*

*II.- PROPOSTA PARA A AUTORIZAR A MERCANTIL MQA NAVIA, S.L. NA SUA CALIDADE DE CONCESIONARIA DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA PARA A CESIÓN DE USO DO LOCAL NO CENTRO DE SECCIONAMENTO CONSTRUIDO POLA CONCESIONARIA PARA O CITADO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA.DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DERIVADAS DA ACOMETIDA ELECTRICA.*

*1º.- En relación as obrigas do “concesionario” sobre as acometidas de servizos obrigatorias para o funcionamento técnico do “complexo deportivo de Navia”, e neste caso concreto sobre a acometida eléctrica, o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Departamento de contratación de data 6 de agosto de 2013, para a contratación da a xestión de servizos públicos con execución de obra, na modalidade de Concesión para o novo complexo deportivo de Navia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do 8 de agosto de 2013, específica:*

- a) Sobre a obriga da execución das acometidas debemos atender a CLÁUSULA 3ª.- OBXECTO DO CONTRATO, a cal describe dentro do obxecto do contrato:*

*“Constitúe o obxecto deste contrato a xestión de servizo público de instalacións deportivas de uso público en Navia denominadas “Complexo deportivo de Navia” mediante concesión, forma de xestión acordada polo Pleno municipal en data 26 de novembro de 2012.*

*O obxecto deste contrato inclúe como obriga accesorio a execución das obras precisas para a prestación do servizo, obras que deberán executarse tal e como son definidas no anteprojecto de explotación para o contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra, a través da modalidade de concesión para o novo centro deportivo municipal de Navia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 14 de xuño de 2013, tras ter sido sometido a exposición pública.*

No punto 2, recollese que “O ámbito de explotación e xestión da concesión abarca os seguintes elementos:

- De forma complementaría entenderase vinculados ó ámbito de explotación a xestión os viais deseñados para as circulacións obrigatorias entre estas instalacións, as zoas verdes que se atopen vinculadas directamente as mesmas, así como os equipamentos de iluminación, **acometidas de servizos** e os peches perimétricos das instalacións referidas.

Polo exposto a execución das acometidas de servizos necesarios, atópanse recollidas como obriga da concesionaria o incluírse dentro do obxecto do contrato.

2.- Así mesmo debemos indicar que o PCAP que rexe o presente contrato, determina de forma obrigatoria para o “adxudicatario” toda a responsabilidade en relación a:

- CLÁUSULA 33. i) A legalización de todas e cada unha das instalacións incluídas no proxecto ou aquelas que, non estando contempladas na súa totalidade no mesmo, se vexan afectadas directa ou indirectamente pola súa execución, sempre que a correspondente normativa determine a necesidade de regularizar a súa situación.
- CLÁUSULA 55ª.- OBRIGAS DO CONCESIONARIO”, indica que “serán obrigas do concesionario, ademais das que se deriven doutras cláusulas deste prego, no apartado b) En relación coa prestación dos servizos e na letra “l. Aboar os gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, subministración de auga, e calquera outro de natureza semellante, así como os servizos de limpeza, vixilancia e seguranza do recinto.”
- CLÁUSULA 58.3.- O concesionario será o responsable do cumprimento de calquera obrigación de avaliación, inspección técnica e conservación da edificación, urbanización e instalacións afectas ó servizo que a normativa urbanística ou calquera outra sectorial esixan, sendo ó seu cargo os gastos derivados das mesmas durante o prazo concesional e ata que se produza a recepción final á extinción da concesión.

3.- En relación a acometida eléctrica, a empresa concesionaria MQA Navia, S.L., atopase no proceso de tramite con UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A. para a execución e instalación da correspondente acometida de acordo co expediente aberto por FENOSA IN407A 2015/45-4 (Denominación LMTS, CS COMPLEXO DEPORTIVO NAVIA), a cal foi informada favorablemente polo Concello de Vigo a través do expediente 248/403, de acordo co informe de data 18 de maio de 2015.

4.- Así mesmo dito proxecto “CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 800 KVA, RT 15KV/400V, SITUADO NA RUA LAMELA, VIGO, PARA SUBMINISTRO AO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA, conta coa conformidade da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria de acordo a comunicación de data 15 de xuño de 2015.

5.- Tendo en conta o exposto, o centro de seccionamento, atopase no CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 800 KVA, RT 15KV/400V, SITUADO NA RUA LAMELA, VIGO, PARA SUBMINISTRO AO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA, o cal foi executado polo CONCESIONARIO, como parte das obrigas derivadas do contrato, é polo que cómpre a cesión do mesmo a favor de UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN SA., co fin de dar cumprimento á normativa vixente. Esta normativa é o “R.D. 1048/2013 de 27 de decembro, polo que se establece a metodoloxía para o cálculo da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica”, indica no seu artigo 26 o seguinte:

*Artículo 26 Reserva de uso de locales*

1. *Cuando se trate de suministros sobre suelos en situación básica de urbanizados por contar con las infraestructuras y los servicios a que se refiere el artículo 12.3.b del texto refundido de la Ley de Suelo, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2008, de 20 de junio, incluidos los suministros de alumbrado público, y la potencia solicitada para un local, edificio o agrupación de éstos sea superior a 100 kW, o cuando la potencia solicitada de un nuevo suministro o ampliación de uno existente sea superior a esa cifra, el solicitante deberá reservar un local, para su posterior uso por la empresa distribuidora, de acuerdo con las condiciones técnicas reglamentarias y con las normas técnicas establecidas por la empresa distribuidora y aprobadas por la Administración Pública competente, cerrado y adaptado, con fácil acceso desde la vía pública, para la ubicación de un centro de transformación cuya situación corresponda a las características de la red de suministro aérea o subterránea y destinado exclusivamente a la finalidad prevista. El propietario del local quedará obligado a registrar esta cesión de uso, corriendo los gastos correspondientes a cargo de la empresa distribuidora.*

*En conclusión é:*

*a vista de todos os antecedentes, é preciso que o Concello de Vigo autorice a mercantil MQA Navia, S.L, como concesionaria DA XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA, a cesión UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., nos termos do artigo 26 do R.D. 1048/2013 de 27 de decembro do centro de seccionamento ubicado no local construído pola concesionaria como CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 800 KVA, RT 15KV/400V, SITUADO NA RUA LAMELA, VIGO, PARA SUBMINISTRO AO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA, polo tanto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*

**ACORDO:**

*Autorizar a mercantil MQA Navia, S.L, como concesionaria do contrato da XESTIÓN DE SERVIZO PÚBLICO, MEDIANTE CONCESIÓN PARA A CONSTRUCCIÓN, XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO NOVO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA, a cesión UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A., nos termos do artigo 26 do R.D. 1048/2013 de 27 de decembro do centro de seccionamento ubicado no local construído pola concesionaria como CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 800 KVA, RT 15KV/400V, SITUADO NA RUA LAMELA, VIGO, PARA SUBMINISTRO AO COMPLEXO DEPORTIVO DE NAVIA.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.